

Ahorro Energético Enertra, S.L.
D. Manuel Méndez Fraiz
Avenida Conde de Bugallal, 29, baixo
36004, Pontevedra

Estimado D. Manuel Méndez Fraiz:

O Comité de Certificación de Galicia Calidade, S.A.U. na súa reunión do 09 de xaneiro de 2026, decidiu concederlle á empresa Ahorro Energético Enertra, S.L. a licenza de uso da marca de Garantía Galicia Calidade para distinguir as súas instalacións de climatización de enerxía xeotérmica de baixa entalpía realizadas por Ahorro Energético Enertra, S.L.

E despois de verificar a súa aptitude respecto dos criterios esixidos para o uso da marca de garantía Galicia Calidade no documento:

- DN-02-48-Prego de condicións para a concesión e uso da marca de garantía Galicia Calidade para as instalacións de climatización xeotérmica de baixa entalpía.

Para que conste, aos efectos oportunos, asino a presente en Santiago de Compostela.

Ana Méndez Gil
Directora Xerente de Galicia Calidade, S.A.U.
(Documento asinado electrónicamente)





PREGO DE CONDICIÓN PARA A CONCESIÓN E USO DA MARCA DE GARANTÍA GALICIA CALIDADE PARA AS INSTALACIÓNS DE CLIMATIZACIÓN XEOTÉRMICA DE BAIXA ENTALPÍA

Código: DN-02-48
Data: 01-04-2025
Revisión: 2

HITORIAL DE CAMBIOS		
REV.	Apdo. modificado	Cambio
2	1	Eliminación referencias ao protocolo entre entidades
2	5	Inclusión de actividade xeotérmica mínima
2	8	Modificación SPF mínimo a 3.5 para demanda de ACS > 50% e rehabilitación
2	9	Ampliación aos rexistros de arquivo e verificación por ACLUXEGA
2	13	Nova redacción

CAPÍTULO I XENERALIDADES.....	2
Artigo 1. Antecedentes.....	2
Artigo 2. Obxecto.....	2
Artigo 3. Definicións.....	2
Artigo 4. Alcance	4
CAPÍTULO II REQUISITOS.....	4
Artigo 5. Persoas autorizadas	4
Artigo 6. Instalacións amparadas.....	4
Artigo 7. Empresas amparadas.....	5
Artigo 8. Requisitos técnicos.....	5
Artigo 9. Rexistros.....	6
Artigo 10. Xestión e rexistro de queixas e reclamacións	6
Artigo 11. Control do produto non conforme.....	6
Artigo 12. Comercialización.....	6
CAPÍTULO III CONTROL POR GALICIA CALIDADE, S.A.U.....	7
Artigo 13. Control	7

ELABORADO E REVISADO ASINADO: José Javier de Miguel Glez. CARGO: director técnico Sinatura electrónica	APROBADO ASINADO: Ana Méndez Gil CARGO: directora xerente Sinatura electrónica
--	--





<i>PREGO DE CONDICIÓN S PARA A CONCESIÓN E USO DA MARCA DE GARANTÍA GALICIA CALIDADE PARA AS INSTALACIÓN S DE CLIMATIZACIÓN XEOTÉRMICA DE BAIXA ENTALPÍA</i>	Código: DN-02-48
	Data: 01-04-2025
	Revisión: 2

CAPÍTULO I XENERALIDADES

Artigo 1. Antecedentes

As boas características de condutividade e capacidade térmica, entre outras, dos subsolos de Galicia e a tradición no aproveitamento e explotación dos recursos xeotérmicos e termais na nosa comunidade autónoma, denotan un amplo potencial para o desenvolvemento das técnicas e aproveitamentos deste tipo de enerxía. En particular, Galicia lidera o aproveitamento da enerxía almacenada no subsolo para o emprego en climatización de edificios.

A Asociación Clúster da Xeotermia de Galicia, creou e rexistrou a marca colectiva "Calidade Acluxega" co obxecto de establecer os requisitos que deben cumprir as instalacións de enerxía xeotérmica de moi baixa temperatura e as empresas que as deseñan e instalan, coa finalidade de erradicar as malas praxes que poñen en perigo o desenvolvemento da actividade e do mercado, e mellorar a competitividade do sector.

A sociedade GALICIA CALIDADE S.A.U. ven colaborando con ACLUXEGA para impulsar a adhesión á marca de garantía "Galicia Calidade" das instalacións de climatización con enerxía xeotérmica realizadas polas empresas de xeotermia de Galicia que cumpran cos requisitos establecidos neste prego de condicións.

Artigo 2. Obxecto

O obxecto deste prego de condicións é establecer os requisitos que deben de cumprir as empresas para a actividade de deseño, desenvolvemento e instalación de sistemas de aproveitamento de enerxía xeotérmica de moi baixa temperatura en circuíto pechado para o seu recoñecemento e amparo pola marca de garantía Galicia Calidade.

Artigo 3. Definicións¹

Enerxía xeotérmica: e a enerxía almacenada en forma de calor por debaixo da superficie do terreo.

Entalpía: a cantidade de enerxía por unidade de masa que un fluído u obxecto pode intercambiar co seu entorno (kJ/kg ou kcal/kg).

Capacidade térmica volumétrica, Cv: cantidade de calor necesaria para elevar a temperatura de 1 m³ de terreo en 1 Kelvin. Expresa o calor que é capaz de almacenar un volume de terreo (J/m³K)

Circuíto de intercambio xeotérmico vertical, CIXV: a parte do circuíto de intercambio xeotérmico que se estende desde a bomba de calor até o terreo, formado polo campo de captación, rede de tubaxes horizontais, arquetas e colectores de distribución.

¹ Segundo a norma UNE 100715-1:2014





<i>PREGO DE CONDICIÓN PARA A CONCESIÓN E USO DA MARCA DE GARANTÍA GALICIA CALIDADE PARA AS INSTALACIÓNS DE CLIMATIZACIÓN XEOTÉRMICA DE BAIXA ENTALPÍA</i>	Código: DN-02-48
	Data: 01-04-2025
	Revisión: 2

Conductividade térmica, λ : propiedade física dos materiais que mide a súa capacidade de condución do calor. Expresase como o fluxo de calor transmitido por condución a través dun corpo sometido a un gradiente de temperatura (W/mK).

Conductividade térmica efectiva: é o valor neto da conductividade térmica ponderando a conductividade de cada un dos compoñentes.

Difusividade térmica α : é o cociente entre a conductividade térmica e a capacidade térmica volumétrica. Representa a velocidade de difusión do calor a través do terreo (m²K)

Test de resposta térmica, TRT: método para determinar *in situ* as propiedades térmicas do terro, mediante inxección constante de calor nun sondaxe e o rexistro e análise da súa resposta térmica.

Coefficiente de rendemento estacional dunha bomba de calor, SEER: eficiencia estacional dunha unidade calculada para a demanda anual de refrixeración de referencia, a cal se determina a partir das condicións indicadas na Norma UNE-EN 14825 e que se empregan con propósito de mercado, comparación e certificación.

Coefficiente de rendemento estacional dunha bomba de calor, SCOP: eficiencia estacional dunha unidade calculada para a demanda anual de calefacción de referencia, a cal se determina a partir das condicións indicadas na Norma UNE-EN 14825 e que se empregan con propósito de mercado, comparación e certificación.

Factor de rendemento medio estacional dunha instalación, SPF: é o cociente entre a demanda enerxética abastecida pola bomba de calor e o consumo da instalación durante un tempo determinado.

Fluído caloportador: líquido ou gas que absorbe ou cede enerxía calorífica nos sistemas de calefacción e refrixeración. No caso do intercambiador xeotérmico para a captación ou cesión de calor do subsolo, pode empregarse auga ou unha mestura acuosa cunha solución anticongelante.

Bomba de calor: máquina, dispositivo ou instalación que transfire calor do entorno natural, como o aire, a auga o a terra, ao edificio ou á aplicacións industriais invertendo o fluxo natural de calor, de modo que flúa dunha temperatura máis baixa a unha máis alta. No caso das bombas de calor reversible, tamén poden trasladar calor do edificio ao entorno natural.

Intercambiadores de calor verticais: conxunto de tubaxes que se aloxan no interior de sondaxes verticais para o intercambio do calor co terreo.

Resistividade térmica: función inversa da conductividade térmica (K·m/W)

Resistividade térmica dun sondaxe: resistencia térmica entre o fluído portador do calor e a parede do sondaxe (K·m/W)





<i>PREGO DE CONDICIÓN PARA A CONCESIÓN E USO DA MARCA DE GARANTÍA GALICIA CALIDADE PARA AS INSTALACIÓNS DE CLIMATIZACIÓN XEOTÉRMICA DE BAIXA ENTALPÍA</i>	Código: DN-02-48
	Data: 01-04-2025
	Revisión: 2

Temperatura base do terreo: temperatura inalterada do terreo.

Aproveitamento da enerxía xeotérmica de moi baixa temperatura: son aquelas instalacións que aproveitan a enerxía almacenada no terreo ou nas augas subterráneas a temperaturas inferiores aos 30 °C.

Instalación certificada de climatización con enerxía xeotérmica de baixa entalpía ou de moi baixa temperatura: é a instalación de climatización que reúne, aos efectos deste prego de condicións, cos requisitos establecidos no Regulamento de Uso da marca colectiva "Calidade Acluxega" e na norma UNE 100715-1:2014 *Deseño, execución e seguimento dunha instalación xeotérmica superficial. Parte 1: Sistemas de circuíto pechado vertical*, e na Instrución 6/2010, do 20 de setembro, da Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas, *para que as instalacións que empregan bombas de calor xeotérmicas para a produción de calefacción, auga quente sanitaria e/ou refrixeración poidan ser consideradas como instalacións que empregan fontes de enerxía renovables.*

Nota: con independencia da data de edición indicada nos documentos normativos indicados neste prego de condicións, será de aplicación a última versión vixente.

Artigo 4. Alcance

O presente prego de condicións será de aplicación ao deseño, desenvolvemento e instalación de sistemas de aproveitamento de enerxía xeotérmica de moi baixa temperatura en circuíto pechado, para climatización.

CAPÍTULO II REQUISITOS

Artigo 5. Persoas autorizadas

Os licenzatarios da marca de garantía Galicia Calidade poderán ser as persoas naturais ou xurídicas, asociadas de ACLUXEGA, na súa condición de *empresas instaladoras de climatización con enerxía xeotérmica* nas condicións sinaladas neste prego de condicións.

Terán a condición de *empresas instaladoras de climatización con enerxía xeotérmica*, ao efecto de cumprimento deste prego de condicións: aquelas que, sen prexuízo doutros tipos de instalacións, acrediten a realización de ao menos 30 instalacións ou máis de 300 kW de potencia instalada nos últimos 3 anos.

Artigo 6. Instalacións amparadas

É condición necesaria para o amparo pola marca de garantía Galicia Calidade dunha instalación xeotérmica realizada por unha licenzataria da marca de garantía o cumprimento das disposicións que lle apliquen deste prego de condicións, da norma UNE 100715-1: 2014 *Deseño, execución e seguimento dunha instalación xeotérmica superficial. Parte 1: Sistemas de circuíto pechado vertical*, e o indicado na Instrución 6/2010, do 20 de setembro, da Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas, *para que as instalacións que empregan bombas*





<i>PREGO DE CONDICIÓN PARA A CONCESIÓN E USO DA MARCA DE GARANTÍA GALICIA CALIDADE PARA AS INSTALACIÓN DE CLIMATIZACIÓN XEOTÉRMICA DE BAIXA ENTALPÍA</i>	Código: DN-02-48
	Data: 01-04-2025
	Revisión: 2

de calor xeotérmicas para a produción de calefacción, auga quente sanitaria e/ou refrixeración poidan ser consideradas como instalacións que empregan fontes de enerxía renovables.

Artigo 7. Empresas amparadas

As empresas realizadoras das instalacións obxecto do presente prego de condicións, deberán ser membros da Asociación Clúster da Xeotermia Galega e radicadas no territorio da CA de Galicia.

Artigo 8. Requisitos técnicos

Os requisitos técnicos das instalacións de climatización xeotérmica, que serán obxecto de auditoría, están desenvolvidas no Anexo I do Regulamento da marca colectiva "Calidade Acluxega".

Este anexo contempla os seguintes aspectos:

- I. Cálculo da demanda térmica
 1. Instalacións de $P < 70$ kW
 2. Instalacións de $P \geq 70$ kW
 3. Condicións xerais
- II. Sistema de captación
 1. Sistemas de captación vertical
 - Deseño do sistema
 - Sonda de captación e instalación
 - Comprobacións e probas finais segundo a norma UNE 100715
 - Enchido e desaireación
 2. Sistemas de captación horizontal
 - Deseño do sistema
 - Profundidade de captación e separación entre circuitos
 - Escavacións, baleirado do terreo
 - Enchido e desaireación
 - Comprobacións e probas)
 3. Sistemas de captación, partes comúns
 - Colectores
 - Trazado horizontal entre captación e sala de máquinas
 - Características do fluído caloportador
- III. Sistema de produción
 1. Esixencias das bombas de calor xeotérmicas
- IV. Sistema de emisión
 1. Esixencias técnicas das instalacións de distribución e emisión de calor e frío
 2. Esixencias técnicas das instalacións de produción de auga quente sanitaria
 3. Control e regulación do sistema





<i>PREGO DE CONDICIÓN S PARA A CONCESIÓN E USO DA MARCA DE GARANTÍA GALICIA CALIDADE PARA AS INSTALACIÓN S DE CLIMATIZACIÓN XEOTÉRMICA DE BAIXA ENTALPÍA</i>	Código: DN-02-48
	Data: 01-04-2025
	Revisión: 2

SPF mínimo da instalación, para o amparo pola marca de garantía Galicia Calidade, deberá ser de 4,3, agás para aquelas instalacións que presentan unha demanda térmica de ACS superior ó 50% da demanda total ou en instalacións de rehabilitación nas que non sexa posible substituír o sistema de emisión existente, nas que o SPF mínimo deberá ser 3,5.

Artigo 9. Rexistros

Deberase levar un rexistro de empresas e instalacións amparadas pola marca e depositalas en Acluxega, ademais da documentación asociada á realización da instalación: recepción do proxecto, cálculo e execución. Galicia Calidade na súa actividade de control poderá requirir esta información, rexistros ou os análises deles que Acluxega realizara.

Artigo 10. Xestión e rexistro de queixas e reclamacións

A empresa deberá establecer unha sistemática para a xestión de queixas e reclamacións dos clientes e usuarios das instalacións que empreguen a marca de garantía Galicia Calidade. Esta sistemática deberá facer referencia expresa a:

- Rexistro de queixas e reclamacións
- Método de solución da mesma ante o cliente
- Investigación das causas e establecemento de medidas correctoras eficaces que impidan a repetición das mesmas
- A avaliación da eficacia das accións emprendidas

Artigo 11. Control do produto non conforme

A empresa deberá asegurarse que o produto (materiais, equipos, etc.) que non sexan conforme cos requisitos, se identifican e controlan para previr o seu uso ou entrega non intencional. A empresa deberá tratar os produtos non conformes dalgunha das seguintes maneiras:

- tomando accións para eliminar a non conformidade detectada
- autorizando o seu uso, liberación ou aceptación baixo concesión por unha autoridade pertinente e, cando sexa aplicable, polo cliente
- tomando accións para impedir o seu uso ou aplicación orixinalmente prevista

Manteranse rexistros da natureza das non conformidades e das accións tomadas posteriormente. Cando se corrixa un produto non conforme, debe someterse a unha nova verificación para demostrar a súa conformidade cos requisitos. Cando se detecte un produto non conforme despois da súa entrega, a empresa deberá tomar as accións apropiados respecto aos efectos, ou efectos potenciais, da non conformidade.

Artigo 12. Comercialización

A marca de garantía acompañará as instalacións certificadas, na maneira que se determine, sen prexuízo do uso de outras marcas que identifiquen á empresa instaladora. En todo caso a marca de garantía aplicarase conforme aos requisitos establecidos no DN-03-1 *Regras*





<i>PREGO DE CONDICIÓN PARA A CONCESIÓN E USO DA MARCA DE GARANTÍA GALICIA CALIDADE PARA AS INSTALACIÓN DE CLIMATIZACIÓN XEOTÉRMICA DE BAIXA ENTALPÍA</i>	Código: DN-02-48
	Data: 01-04-2025
	Revisión: 2

para o emprego da marca de garantía Galicia Calidade, e non se inducirá a erro sobre o alcance da licenza de uso da marca de garantía (Artigo 4).

CAPÍTULO III CONTROL POR GALICIA CALIDADE, S.A.U.

Artigo 13. Control

Galicia Calidade, S.A.U., na súa condición de titular da marca de garantía "Galicia Calidade" realizará controis e auditorías ás instalacións solicitantes da marca e ás amparadas por esta, co fin de verificar o cumprimento dos requisitos establecidos para a utilización da mesma coordinadamente coas empresas instaladoras. Estas se levarán a cabo por persoal técnico de Galicia Calidade ou quen esta designe, e responsable técnico da empresa instaladora.

ACLUXEGA realizará o control documental das instalacións (recepción do proxecto, cálculo y execución), a través do seu órgano de control designado, de modo que verificará o cumprimento **administrativo** das instalacións realizadas polas empresas solicitantes da marca para os requisitos da norma UNE 100715-1:2014 *Diseño, execución e seguimento dunha instalación xeotérmica superficial. Parte 1: Sistemas de circuíto pechado vertical norma de calidade*. Este control consistirá en ao menos unha auditoría inicial e auditorías de seguimento periódicas por un período máximo de tres anos, unha vez concedida a autorización da marca. Unha vez realizada a auditoría ACLUXEGA revisará mediante un "check list" o cumprimento dos requisitos e axuntará ó expediente.

Galicia Calidade, S.A.U., como titular da marca de garantía, verificará a eficacia dos controis realizados por ACLUXEGA, ou seu órgano de control designado, para iso deberá poñer a disposición de Galicia Calidade, S.A.U., cando así o requira a documentación administrativa dos expedientes das empresas e as súas instalacións para auditar ou auditadas.

O incumprimento non resolto dos requisitos expresados non presente Prego de Condicións, poderá supoñer a retirada ou a suspensión da autorización de uso da marca de garantía GALICIA CALIDADE.






**GALICIA
CALIDADE**

Estrada Santiago-Noia, Barcia, km 3A (Edificio
CSHG) 15896 Santiago de Compostela T. 881
995 230 e-mail: info@galiciacalidade.gal

INFORME DE AUDITORÍA		Nº: IA-25-P420-01
EMPRESA: Ahorro Energético Enertra, S.L.		TIPO: <i>concesión</i>
		DATA: 12-12-2025
Enderezo: Av. Conde de Bugallal, 29 baixo 36004 Pontevedra	Auditor Xefe: José Javier de Miguel González	

 GALICIA CALIDADE	REXISTRO SAÍDA
	Nº: e-369
	Data: 15-12-2025



INFORME DE AUDITORÍA		Nº: IA-25-P420-01
EMPRESA:		TIPO: <i>concesión</i>
Ahorro Energético Enertra, S.L.		DATA: 12-12-2025
Enderezo:	Auditor Xefe:	
Av. Conde de Bugallal, 29 baixo 36004 Pontevedra	José Javier de Miguel González	

Equipo auditor:	➤ José Javier de Miguel González
-----------------	----------------------------------

RESPONSABLE/S VISITADO/S	
Nome:	Marcos González Barreiro
Cargo:	Coordinador Técnico y Desarrollo de negocio

1 – OBXECTO

O obxecto da auditoría de concesión, é verificar o grao de cumprimento dos produtos e da empresa obxecto de auditoría cos requisitos establecidos para a concesión e uso da marca de garantía Galicia Calidade, para os produtos amparados.

2 – ALCANCE

PRODUTOS :	<ul style="list-style-type: none"> ✓ Instalacións de climatización con enerxía xeotérmica realizadas pola empresa Ahorro energético ENERTRA, S.L.
INSTALACIÓNS :	<ul style="list-style-type: none"> ✓ Oficinas: Av. Conde de Bugallal, 29 baixo 36004 Pontevedra ✓ Raiola San Marcos, Rúa San Marcos, 24 15820 Santiago de Compostela
PROCESOS :	<ul style="list-style-type: none"> ✓ Listado de instalacións (número e potencia total nos últimos 3 anos) (Aº5) ✓ Verificación de requisitos (UNE 100715-1:2014) (Aº 6 e 8) ✓ Checklist de requisitos e autorizacións ✓ Comprobación dos valores de SPF ✓ Rexistros (Aº 9) ✓ Xestión de queixas, reclamacións e non conformidades (Aº 10 e 11) ✓ Visita instalación (A Raiola)

3 – CRITERIO DE AUDITORÍA

- ✓ DN-02-48 Rev. 2 *Prego de condicións para a concesión e uso da marca de garantía Galicia Calidade para as instalacións de climatización xeotérmica de baixa entalpía.*





INFORME DE AUDITORÍA		Nº: IA-25-P420-01
EMPRESA: Ahorro Energético Enertra, S.L.		TIPO: concesión
		DATA: 12-12-2025
Enderezo: Av. Conde de Bugallal, 29 baixo 36004 Pontevedra	Auditor Xefe: José Javier de Miguel González	

4 - OBSERVACIÓNS

Nº	AREA	DESCRICIÓN
1	Instalacións realizadas	Compútanse 22 instalacións nos últimos 3 anos cunha potencia de 1.195 kW.
2	Comprobación rexistros	Realízase a comprobación de requisitos indicados no prego de condicións: <ul style="list-style-type: none">- Autorización de perforación- Proxecto de captación, e establecemento da dirección facultativa- Proxecto instalación [cálculo da demanda, etc..]- Legalización inscrición RITE- Posta en marcha e documentación- Comprobación real do COP En particular verificouse de xeito completo a instalación da Raiola en San Marcos (200 kw).
3	Visita a instalacións	Visitouse a instalación de Raiola: <ul style="list-style-type: none">- Arqueta colectores (non se pode abrir, pero coincidía coa documentada fotograficamente no comprobación documental)- Emisores de chan radiante- Sala de máquinas:<ul style="list-style-type: none">o Dúas bombas de calor xemelas de 100 kw máximo cada unha, marca Ecoforest (unha mestra e outra esclava)o Depósitos e intercambiadores, conformes ao esquema de principioo Parámetros bomba de calor, valores SPF, instantáneos e estacionais, ertc.





**GALICIA
CALIDADE**

Estrada Santiago-Noia, Barcia, km 3A (Edificio
CSHG) 15896 Santiago de Compostela T. 881
995 230 e-mail: info@galiciacalidade.gal

INFORME DE AUDITORÍA		Nº: IA-25-P420-01
EMPRESA: Ahorro Energético Enertra, S.L.		TIPO: concesión
		DATA: 12-12-2025
Enderezo: Av. Conde de Bugallal, 29 baixo 36004 Pontevedra	Auditor Xefe: José Javier de Miguel González	

5 – ACHADOS DE AUDITORÍA

OBSERVACIÓNS E ACHADOS			
Nº	REQUISITO	DESCRIPCIÓN	CATEGORÍA
1	-----	Non se atoparon non conformidades durante a auditoría.	-----





**GALICIA
CALIDADE**

Estrada Santiago-Noia, Barcia, km 3A (Edificio CSHG) 15896 Santiago de Compostela T. 881 995 230 e-mail: info@galiciacalidade.gal

INFORME DE AUDITORÍA		Nº: IA-25-P420-01
EMPRESA:		TIPO: concesión
Ahorro Energético Enertra, S.L.		DATA: 12-12-2025
Enderezo:	Auditor Xefe:	
Av. Conde de Bugallal, 29 baixo 36004 Pontevedra	José Javier de Miguel González	

	FOLLA DE ACHADOS	PÁXINA Nº: 1 DE 1
	EMPRESA: AHORRO ENERGÉTICO ENERTRA S.L.	DATA: 12/12/2025

RESPONSABLE/S AUDITADO/S		ASDO. CONFORME AUDITADO:
NOME:	Marcos Olex Barreiro	
CARGO:	Coord. Técnico y desarrollo de negocio.	
AUDITOR/ES		ASDO. AUDITOR:
NOME:	José Javier de Miguel González	

OBSERVACIÓN E ACHADOS			
Nº	REQUIRIMENTO	DESCRIPCIÓN	CATEGORÍA
1		Non se atoparon non conformidades durante a auditoría.	





**GALICIA
CALIDADE**

Estrada Santiago-Noia, Barcia, km 3A (Edificio
CSHG) 15896 Santiago de Compostela T. 881
995 230 e-mail: info@galiciacalidade.gal

INFORME DE AUDITORÍA		Nº: IA-25-P420-01
EMPRESA: Ahorro Energético Enertra, S.L.		TIPO: <i>concesión</i>
		DATA: 12-12-2025
Enderezo: Av. Conde de Bugallal, 29 baixo 36004 Pontevedra	Auditor Xefe: José Javier de Miguel González	

6 – CONCLUSIONES

Ao abeiro dos resultados da auditoría, despréndese que a empresa cumpre cos requisitos establecidos para o uso da marca de garantía Galicia Calidade nas instalacións obxecto da auditoría. E elevarase proposta favorable ao Comité de certificación de Galicia Calidade.

En Santiago de Compostela,

O AUDITOR:

Asinado por: DE MIGUEL GONZALEZ, JOSE JAVIER
Cargo: Director técnico
Data e hora: 15/12/2025 13:45:33

